



FICHA TÉCNICA NÚMERO/ÚLTIMA REVISIÓN: 000/260808
CERTIFICACIÓN ISO 9001:2008 N° CA-1.061. LABORATORIO AUTORIZADO N° 046/GA/SA680A

LABORATORIO ACUICULTURA

DESCRIPCIÓN

Provisión de **servizos de laboratorio especializados** para *hatcheries*, *nurseries* e instalacións de preengorde e engorde tanto mariñas como de augas continentais. Servizo destinado ao **control sanitario** de **parámetros físico-químicos** da **auga** e **animais de cultivo** en explotacións acuícolas. Realización de análíticas **microbiolóxicas** e **parasitolóxicas** de animais en todas as fases de cultivo, análise físico-química e microbiolóxica da auga e de parámetros medioambientais. Asesoramento técnico sobre o manexo das distintas fases de cultivo e control de enfermidades garantindo a monitorización precisa do medio coa indicación das medidas correctivas máis apropiadas en cada caso.

CARACTERÍSTICAS

Análise físico-química da auga: inclúe os parámetros: (1) Temperatura, (2) Osíxeno disolto, (3) Salinidade, (4) pH, (5) Condutividade, (6) Cloro libre, (7) Cloro total, (8) Amonio total, (9) Fosfatos, (10) Cobre, (11) Nitritos e (12) Nitratos.

Análise microbiolóxica da auga: inclúe os parámetros: (1) Coliformes fecais (2) Coliformes totais e (3) Flora total.

Análise de fito e zooplancto: identificación e cuantificación das especies de fito e zooplancto máis relevantes en medios mariños e continentais.

Investigación de patóxenos e parasitos: busca e identificación de bacterias patóxenas en órganos internos. Busca e identificación de ectoparasitos e endoparasitos en moluscos, crustáceos ou peixes. Caracterización de sensibilidade bacteriana a diferentes antibióticos como apoio no deseño do tratamento terapéutico.

Análise do produto: avaliación dos parámetros: (1) Características organolépticas (cor, olor, sabor e textura), (2) Investigación de bacterias patóxenas e (3) Contido estomacal en calquera fase do cultivo.

PREZO ORIENTATIVO*

510 €/mes

*os prezos non inclúen IVE nin gastos de transporte

OBSERVACIÓNS

Laboratorio acreditado pola Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia, ref. SA680A 2002/19-0. Certificación ISO 9001:2008 N.º CA-1.061.

Periodicidade das análises: mensual. Ensaos analíticos realizados mediante métodos normalizados (normas ISO, *Standard Methods*, AOAC, AFNOR, etc.).

Para maior información, realización doutras análises específicas e obtención dunha oferta detallada consulte co noso laboratorio en laboratorio@acuinuga.com.